

**PLENO DO CONSELLO SOCIAL DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA**
**- INFORME DE ACORDOS ADOPTADOS -**

DATA DA SESIÓN	LUGAR DE CELEBRACIÓN	HORA
26/04/2012	Sala de Plenos do Consello Social Centro Universitario de Riazor R/ Almirante Lángara, s/n. A Coruña - España	19:00 h.
MEMBROS ASISTENTES		
<p><b>PRESIDENTE DO CONSELLO SOCIAL</b> D. Antonio Abril Abadín</p> <p><b>MEMBROS NATOS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA</b> D. Xose Luis Armesto Barreiro. Reitor D. Carlos Amoedo Souto. Secretario Xeral D. Juan Manuel Díaz Villoslada. Xerente</p> <p><b>EN REPRESENTACIÓN DE GOBERNO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA</b> D. Ricardo Cao Abad D<sup>a</sup>. Nuria Veira Sousa D. José M<sup>a</sup> Castrillo Neira</p> <p><b>EN REPRESENTACIÓN DOS INTERESES SOCIAIS DE GALICIA</b></p> <p><b>A) DESIGNADOS POLO PARLAMENTO DE GALICIA</b> D. Manuel Caamaño Suárez D. Juan Carlos González Fernández D<sup>a</sup>. Sofía Vázquez Vilachá D<sup>a</sup>. Sonia Romero Teijo D. Marcelo Castro-Rial Schuler</p> <p><b>B) DESIGNADOS POLA XUNTA DE GALICIA</b> D. Bruno Díaz Doce D<sup>a</sup>. Olga Patiño Doval</p> <p><b>C) DESIGNADOS POLOS SINDICATOS</b> D. Xosé Carrillo Souto</p> <p><b>D) DESIGNADOS POLAS ORGANIZACIÓNS EMPRESARIAIS</b> D. Antonio Couceiro Méndez D. Francisco Santiañez Orero D. Enrique Ulloa Canalejo</p> <p><b>E) DESIGNADOS POLOS CONCELLOS</b> D. Francisco José Mourello Barreiro</p> <p><b>SECRETARIO</b> D. Enrique Muñoz Lagarón</p> <p><b>INVITADOS</b> D<sup>a</sup>. Amalia Blanco Louro. Vicerreitora de Planificación Económica e Infraestruturas, D. Julio Abalde Alonso. Vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías.</p>		

O presente documento foi elaborado só a efectos informativos, en cumprimento do previsto no art. 6.1 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

<b>ACORDOS ADOPTADOS</b>
<p>- Apróbase a acta correspondente á sesión do Pleno do Consello Social celebrada o 16 de febreiro de 2012.</p>
<p>- Acórdase aprobar, ao abeiro do disposto no art. 22.3 do Regulamento de organización e funcionamento do Consello Social de 21 de xullo de 2005, o orzamento de gastos do Consello Social para o exercicio 2012 para os efectos da súa integración no proxecto de orzamentos xerais da universidade.</p>
<p>- Acórdase aprobar, ao abeiro do disposto no art. 4 c) da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do Sistema Universitario de Galicia, o orzamento da Universidade da Coruña para o exercicio económico de 2012, co documento complementario "Instrucións para regulamentar a incorporación de créditos do orzamento de gastos de 2012 ao orzamento de gastos de 2013". Así mesmo, tamén se aprobou o documento "Plano operativo anual 2012" do Plano Estratéxico da Universidade".</p>
<p>- Infórmase favorablemente, ao abeiro do disposto no art. 5 c) da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do Sistema Universitario de Galicia, da proposta de implantación no curso 2012/2013 dos seguintes títulos de mestrado, aprobados en Consello de Goberno o 28 de febreiro de 2012 e informados favorablemente pola Comisión Executiva do Consello Social o 10 de abril de 2012.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Mestrado Universitario en Enxeñaría Informática da UDC</li> <li>- Mestrado Interuniversitario en Procuraduría polas Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo (en colaboración cos Ilustres Colexios de Procuradores da Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo)</li> </ul>
<p>- Acórdase informar favorablemente, ao abeiro do disposto no art. 5 c) da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do Sistema Universitario de Galicia, da proposta de modificación dos seguintes títulos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Grao en Enxeñaría Náutica e Transporte Marítimo</li> <li>- Grao en Obras Públicas</li> <li>- Grao en Enxeñaría Informática</li> <li>- Máster en Planificación e Xestión de Destinos e Novos Produtos Turísticos</li> </ul>
<p>- Apróbase a aceptación dunha doazón de Repsol-YPF S.A (C.I. de A Coruña), consistente en dous destiladores automáticos de produtos petrolíferos, marca "Tanaka", e dun espectrofotómetro de FRX, marca "Spectro", ao abeiro do disposto no art. 3.2 i) do regulamento de organización e funcionamento do Consello Social da UDC.</p>
<p>- Acórdase, ao abeiro do disposto no art. 3 c) da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos Consellos Sociais do Sistema Universitario de Galicia, e no art. 3.1 a) do seu Regulamento de organización e funcionamento, aprobar a Memoria de Actividades do Consello Social da Universidade da Coruña correspondente ao exercicio 2011.</p>